Informativo
# 2015 LAREDO






Proxecto anual
A interculturalidade

# ANPA "Penedos"

**MADRUGADORES**
07:30 –09:00 am previa solicitude.
Tanto como servizo de coidadora (2€) como con almorzo (3€).

**COMEDOR**
14:00—16:00 pm previa solicitude (3,5€)

**CELEBRACIÓNS ANIVERSARIOS**
Uso das instalacións do centro para celebracións; Luns a Sábado, excepto martes. (25€ L/V; 35€ Sábado)

**CHÁNDALS, CAMISETAS GORRAS...**
Dende 3 ata 12 anos (consultar dispoñibilidade e prezo)

**ACT EXTRAESCOLARES**

| ACTIVIDADE | DÍA E HORA | PREZO |
|---|---|---|
| **INFORMÁTICA** | L: 16 a 17h. | 12€/mes |
| **BAILE MODERNO** | M 16 a 17h.(infantil)<br>M:17 a 18h. (resto) | 15€/mes<br>15€/mes |
| **BALONMÁN** | Me:16 a 17 h | Gratuíto |
| **INGLÉS LÚDICO** | X: 16 a 17h | 12€s/mes |
| **NATACIÓN** (Piscina Redondela) | V:. 16:30 a 17:15 h. | 30,49€/ 4meses |
| **TAEKWONDO** | X: 16 a 17 h. | 12€/mes |
| **CICLISMO** | V: 16 a 17h. | 10€/mes |
| **PATINAXE** | Me: 15:45-17h. | 15€/mes |
| **XADREZ** | A consultar | Gratuíto |

**Cuota anual:** 15€ familia
**CCC:** Es96 2080 5030 80 3000080090
**Teléfono:** 666591228
**Correo:** anpa@ceipdelaredo.com
**CIF:** G36024040

# Contacto Centro Educativo

DISPONIBLE EN Google play

Rúa do Peirao nº 3 - C.P. 36320—Chapela—Redondela

**Web:** www.ceipdelaredo.com

**App:** CEIP de Laredo—Google Play (Android)
**Teléfono: 666591228**
**Correo: anpa@ceipdelaredo.com**

Boletín
# 2014 CEIP de






XUNTA DE GALICIA

## HORARIO ALUMNADO

**09:00—14:00 h**
**(prégase puntualidade)**

- **Saída do centro por causa xustificada:** o adulto responsable asinará no libro de Faltas/Permisos.
- **Falta de puntualidade:** Así mesmo, cando algún alumno/a chegue tarde, terase que **asinar no libro** de Faltas/ Permisos .
- As familias deberán **xustificar as faltas de asistencia** a través dun impreso facilitado polo titor/a.
- Enviarase as familias **mensualmente un parte de faltas de asistencia** segundo normativa vixente (Protocolo de Absentismo Escolar derivada do Decreto 229/2011)

## CALENDARIO ESCOLAR

Datas a ter en conta:

- 10/09: Inicio das clases
- 31/10: Día do ensino (non lectivo)
- 08/12: Inmaculada (non lectivo)
- **19/12: Entrega notas 1ª Avaliación**
- 22/12- 07/01: Nadal (non lectivo)
- 16/02-18/02: Entroido (non lectivo)
- 20/03: San Xosé (non lectivo)
- **27/03: Entrega notas 2ª Avaliación**
- 30/03-06/04: Sem. Santa (non lectivo)
- 13/04: Pascuilla (non lectivo)
- 01/05: Día do Traballo (non lectivo)
- 04/06: Coca Redondela (non lectivo)
- **18/06: Entrega notas 3ª Avaliación**
- 19/06: Remate das clases

**+ información sobre eventos do centro en:**
http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplaredo/?q=node/39/

## ATENCIÓN A PAIS

- **Titorías:**
  **17:30 - 18:30:** Martes previa cita co titor/a.

- **Orientación:**
  Tardes do martes, previa cita.

- **Equipo Directivo:**

**09:00 - 09:50:** Dirección e Xef. de Estudos
**13:10 - 14: 00:** Secretaría

## CONVIVENCIA

Derivado das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro:

- **Aparellos electrónicos:** Non poderán ser utilizados no centro, salvo autorización puntual dos titores/as; en caso contrario serán requisados na dirección do centro.

- **Material Escolar:** É preciso que o alumno/a traia os materiais necesarios para a súa actividade escolar.

- **Instalacións:** Apélase a responsabilidade do alumnado/familias no coidado e bo uso das instalacións/ mobiliario .

- **Comportamento:** As condutas que non favorezan unha convivencia positiva, terán no seu xusto grao, a súa correspondente sanción segundo o recollido no NOF do centro.

- **Uso de contas de correo electrónico corporativo:** Todo o alumnado/ familia do centro posúe un email para tarefas exclusivamente académicas (activarase segundo necesidades a partir de 3º primaria previo consentimento das familias), de utilización interna e supervisada. Calquer uso inadecuado/irresponsable desta ferramenta provocará a súa baixa

- **Efermidades/Hixiene:** No caso de febre, vómitos, infeccións, piollos,...o alumnado permanecerá na casa ata a desaparición dos síntomas para previr contaxios. Deberase avisar ao titor ou titora.

## INFORMACIÓN E NOVAS

**O centro educativo pon a disposición das familias varias liñas de comunicación/información:**

### CIRCULARES

Enviaranse periodicamente ás familias informacións de interese en **soporte papel**, así mesmo estes documentos destacados estarán nos **taboleiros** do centro.

As familias que inclúan un **email de contacto** na actualización de datos anual, recibirán información do centro nas súas respectivas contas sen prexuízo que se den de baixa deste servizo.

### WEB DO CENTRO
### http: www.ceipdelaredo.com

A web do centro pretende unificar toda a información académica, organizativa, extraescolar e complementaria do colexio.
Dende os seus apartados pódese:

- Ver o día a día do centro
- Descarga documentacións
- Consultar eventos/datas importantes
- Escolma galería fotográfica anual
- Acceso do alumnado á intranet
- Acceso a recursos educativos
- …

A oferta informativa compleméntase cunha aplicación para móbiles (Android).

## BIBLIOTECA ESCOLAR

- **Préstamos:** Recreos de Luns a Venres (encargados os alumnos de 5º e 6º, supervisado polo profesorado)

- Os libros que se **perdan ou se estraguen** serán restituídos ou pagados

**A biblioteca permanecerá aberta pola tarde de 16:00 a 18:00 horas para:**

- Consultas e lecturas.
- Uso de ordenadores e impresión (tarefas académicas).
- Xuntanzas de alumnado por motivos curriculares.

Prégase silencio e respecto nesta estancia